



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 15 DE OUTUBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 09.07 horas do día 15 de outubro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal (quen se ausenta no punto segundo da orde do día), Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión**

Sometida a urxencia a votación é ratificada pola unanimidade dos concelleiros.

### **2. Aprobación, se procede, da proposta de aprobación do límite de gasto non financeiro para o orzamento do Concello de Fene do exercicio 2015, da aprobación inicial do orzamento xeral e cadro de persoal para o exercicio 2015**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica do 13.10.2015 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 2 abstencións (1 grupo municipal PP e 1 grupo municipal mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSONAL PARA O EXERCICIO 2015.

Visto o proxecto de orzamento xeral para o exercicio 2015 por un importe de 10.731.643,27 €.

Habida conta que a estrutura orzamentaria axústase ás normas legais vixentes; que no estado de ingresos recóllense as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar e no estado de gastos os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles á corporación; que se formou o orzamento Xeral con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que no orzamento non existe déficit inicial.

En virtude do establecido nos artigos 14.5 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a corporación fixará anualmente a plantilla de postos de traballo a través do seu

orçamento. Vista a proposta da Plantilla comprensiva da totalidade das prazas reservados a funcionarios e personal laboral.

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un **límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto**, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Respecto á coherencia coa **regra de gasto**, de acordo co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido.

Tendo en conta que con data de 6 de marzo foi aprobada a Liquidación do orzamento do exercicio 2014, procede determinar dacordo cos datos definitivos do exercicio 2014, o límite máximo de gasto non financeiro e verificar se o orzamento para o exercicio 2015 cumpre con tal límite:

De acordo cos seguintes apartados do artigo, o gasto computable ascende a 8.562.952,02 euros, calculados como segue:

<b>Gasto computable</b>	<b>IMPORTE</b>
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financieros	10353402.41
2. Axustes SEC (2014)	-560445.15
<b>3. Total empleos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)</b>	9792957.26
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0.00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-1230005.25
<b>6. Total Gasto computable Liquidación 2014</b>	<b>8562952,02</b>

Tendo en conta o acordo do Consello de ministros de 27 de xuño de 2014, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas para o período 2015-2017, a Taxa de referencia aos efectos de aplicar a regra de referencia para o ano 2015 é do 1,3%. Polo tanto o Gasto computable actualizado ascende a 8.674.270,40 euros.

Por outra banda, en aplicación do apartado 4 do artigo 12 da Lei 2/2012, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os incrementos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Aplicando ese apartado calcúlase o Gasto computable máximo, que ascende a 8.987.670,40 euros:

GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO (1)	8.647.270,40 €
Incrementos permanentes de recadación (2)	313.400,00 €
Diminucións permanentes de recadación (3)	0,00 €
<b>GASTO COMPUTABLE MÁXIMO ((1)+(2)-(3))</b>	<b>8.987.670,40 €</b>

(2) Incremento do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana por novas altas no padrón: 200.000 € máis incremento pola aprobación da taxa de depuración de augas residuais 113.400 €

Polo que respecta á coherencia co **obxectivo de estabilidade orzamentaria**, o artigo 3 da LOEOSF dispón que a elaboración dos orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais), realizárase nun marco de estabilidade

orxamentaria. O artigo 11.4 da mesma norma regula a instrumentación do principio de estabilidade orxamentaria para as Corporacións Locais, que deberán manter unha posición de equilibrio ou superavit orxamentario. Isto implica que **o gasto non financeiro** (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos), isto é, **non poderá superar a cantidade de 10.452.024,78 euros**.

Así, deberá terse en conta como límite do gasto non financeiro a menor das dúas cantidades antes calculadas, para cumprir tanto coa regra de gasto como co obxectivo de estabilidade orxamentaria.

Polo tanto, propónse ao Pleno acordar a **aprobación do límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello da Fene para o exercicio 2015 por importe de 8.987.670,40 euros**.

Procédese a continuación a comprobar a **coherencia da proposta de Orzamento Xeral do Concello para 2015, con ese límite de gasto non financeiro**.

Para elo partiremos do Gasto non financeiro total: a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos do proxecto Orzamento Xeral do Concello para o ano 2015: 10.328.090,58 euros. Agora ben, de acordo coa Guía para a determinación da Regra de Gasto da I.G.A.E., para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais debe realizarse un axuste polo grao de execución do gasto, que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros. No caso do Concello da Fene, o grao medio de execución dos orzamentos dos últimos tres exercicios foi do 24,12%, segundo se desprende da comparación entre as obrigas recoñecidas netas (excluídas aquelas que proceden de modificacións de crédito), e os créditos iniciais dos exercicios 2012, 2013 e 2014. O cálculo desa porcentaxe foi detallado pola interventora do Concello no informe emitido con data de 19.08.15, e resúmense no seguinte cadro:

CAP.	% PROMEDIO INEXECUCIÓN	CRÉDITOS INICIALES 2015	AXUSTE POR GRADO DE EXECUCIÓN
I	7,77%	4.152.195,31	322.445,37
II	1,10%	4.867.945,64	53.688,47
III	53,89%	30.200,00	16.275,24
IV	42,51%	644.393,23	273.912,67
VI	39,48%	633.356,80	250.067,31
VII	0,00%	0,00	0,00
TOTAL	24,12%	10.328.090,98	916.389,05

Así, minorando o gasto non financeiro comparable calculado anteriormente en 916.389,05 € (cantidade prevista de non execución do orzamento), obtense o gasto non financeiro axustado, que ascende a 9411701,53 euros.

Dita cantidade debe ser minorada, para efectuar a comparación en termos homoxéneos, como se detalla:

- Na cantidade consignada no Capítulo 3 do Estado de Gastos do proxecto, que recolle os créditos para os intereses dos préstamos en vigor: 23.900,00 euros.
- Nas cantidades consignadas nos Capítulos 4 e 7 do Estado de Ingresos do proxecto (a excepción das cantidades previstas pola Participación en Tributos do Estado e polo Fondo de Cooperación Local), cuxa suma son os gastos financiados con fondos finalistas: 793.830,31

Resultando, polo tanto, un Gasto non financeiro comparable axustado de 8.593.971,62 euros, que cumpre co límite de gasto non financeiro calculado anteriormente (**8.987.670,40 euros**).

De conformidade cos artigos 168.4-5 do RDL2/2004, de 5 de marzo e art. 90 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Concello da Fene para o exercicio 2015 por importe de 8.987.670,40 euros

2º.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2015 que ascende a un importe de 10.731.643,27 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4.152.195,31	Cap. 1.- Impostos directos	4.267.526,91
Cap.2.- Gastos en bens e servizos correntes	4.867.945,64	Cap. 2.- Impostos indirectos	82.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	30.200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2.309.604,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	644.393,23	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.491.248,88
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	50.265,00
Cap.6.- Inxestimentos reais	633.356,80	Cap.6.- Enaxenación de inxestimentos reais	0,00
Cap.7.- Transferencias de capital	0,00	Cap.7.- Transferencias de capital	251.379,99
Cap. 8.- Activos financeiros	50.000,00	Cap.8.- Activos financeiros	50.000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	353.552,29	Cap. 9.- Pasivos financeiros	229.618,49
<b>TOTAL</b>	<b>10.731.643,27</b>	<b>TOTAL</b>	<b>10.731.643,27</b>

3º.- Dispoñer que as modificacións de crédito nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9/2015 na modalidade de transferencias de créditos; modificacións nº1, 2 e 5/2015 na modalidade de suplemento de crédito e modificación nº 2/2015 na modalidade de xeración de crédito que foron realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

4º.- Expoñer ó público por un periodo de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

5º.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

En Fene, a 8 de outubro de 2015.  
O ALCALDE  
Asdo. Juventino J. Trigo Rey"

Abre o debate o alcalde que di que uns presupostos a estas alturas do ano é unha execución do gasto, do que se leva gastado ata o de agora, con moi pouca marxe de manobra e basicamente para afrontar os gastos e o traballo feito no Concello ao longo deste ano. Destaca que o presuposto é un pouco máis baixo que o do ano pasado, a xustificación é pola taxa da EDAR que estaba presupostada para todo este ano e que neste orzamento vese que será como moito un trimestre, o que supón unha baixa nos ingresos previstos. Por outro lado, tamén se consigna a previsión dun incremento de algo máis de 250.000 euros do IBI debido ás actualizacións do catastro. O presuposto pasa a ser



10.731.643,27 euros e o que se quere é garantir o cumprimento dos gastos que están comprometidos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que a proposta é a dun presuposto técnico, dunha serie de axustes contables sobre un orzamento prorrogado que o goberno anterior executou. Este documento demostra que a situación económica non quedou tan mal e por iso o PP, logo da análise da situación vai votar a favor destes presupostos, non sen deixar claro que aquí se amosan as diferenzas entre uns partidos e outros, xa que o seu partido está aquí representando aos veciños de Fene e como tal farán unha oposición construtiva e non o desgaste do goberno. Gustaríalle que constasen os principais argumentos do BNG e o Partido Socialista nas anteriores convocatorias dos plenos para a aprobación dos orzamentos, incluso pola voceira de EU, que agora non forma parte do goberno, en canto que este Pleno convocouse pola maná, cando os Plenos importantes debían ser convocados pola tarde. Tamén di que a altura do ano na que se está tampouco se debe traer un presuposto a aprobar. Sen embargo, o seu grupo o comprende. Ademais installe ao alcalde, como concelleiro de Facenda, que se poña xa a traballar nos orzamentos do vindeiro ano.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a argumentación da concelleira do PP axústase moito á súa e anuncia o seu voto en contra. Defende que a oposición debe ser construtiva pero tamén coherente. Lembra que hai catro anos cos primeiros orzamentos que presentou o PP, a oposición votou en contra porque non eran os que precisaban os veciños, agás o PSOE, que votou a favor porque entendían que eran uns orzamentos seus.

Coincide co alcalde cando di que se trata dun estado de execución, pero nestes últimos 4 anos, cada vez que ocorreu isto co goberno do PP, non o aceptaron. Por iso sería incoherente aceptar agora estes presupostos. Entende que a estas alturas habería que traer un orzamento para o exercicio 2016, aínda que entende que acaban de chegar ao goberno, pero en calquera caso hai un goberno de nove persoas. Di que nestes presupostos ninguén a chamou, como se facía antes, para ver se tiña algunha proposta. Non se xuntou aos voceiros para debater o documento. Os presupostos teñen unha cousa que EU sempre dixo que non aceptaría: entende a colaboración que o Concello ten que dar a todas as entidades, pero semella que aquí só existe Cáritas, e ela entende que Cáritas ten que ser financiada pola Igrexa, polo que a partida de 8.000 euros que se lle destina pensa que debía ser xestionada dende o Concello, sen prexuízo de que Cáritas pode levar calquera axuda económica como calquera outra organización do Concello, pero non de xeito case que sistemático. Insiste en que os veciños non queren caridade, queren que se lles solucionen as cousas. Di que hai cousas que lle gustaría que se reflectiran os presupostos, pero como ao seu grupo se lle ten de adorno e non se lle convoca a ningunha xuntanza para falar, exceptuando para a Comisión, sendo coherente coa postura de EU nestes últimos catro anos, o seu voto será en contra.

Tamén quere facer fincapé na convocatoria, noutras ocasións fíxose pola mañá e díxose que debido a importancia que ten este asunto debía ser feita pola tarde, para facilitar a asistencia á xente.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende que estes presupostos son para afrontar os gastos feitos do resto do ano e neste sentido non ten máis valoración política e, por tanto, o seu voto será favorable.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu voto será a favor, tamén por razoamentos técnicos.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que, como xa dixo ao principio, son uns orzamentos condicionados por estar no mes de outubro. Non ten sentido, e así o dixo o BNG moitas veces, que logo do verán se aproben uns orzamentos cando non se están facendo uns orzamentos e o único que se fai é dicir cales foron os gastos que houbo ata o de agora e pouco queda para presupostar algo novo. Está claro que é unha execución do gasto como tal, pero tal e como está a situación do Concello precísase regularizar as cantidades que hai en cada unha das partidas para poder facer fronte, dun xeito razoable, as obrigas que o Concello ten feitas. Non lle estraña que o PP non vote en contra porque en realidade estase asumindo, dalgún xeito, os gastos que xa executou o goberno anterior, por iso parécelle razoable a súa postura. Respecto do dito pola voceira do grupo mixto, di que tamén leva catro anos como concelleiro e cando lle entregan uns orzamentos a idea é miralos e se considera que hai algo que se pode achegar ou cambiar, propoñelo, como así se fixo hai anos. Os orzamentos entregáronse con esa vontade, porque houbo tempo para facer algún cambio. Insiste en que estes presupostos non son os que lle gustaría nin ao BNG nin ao conxunto do goberno,

pero como se dixo son uns presupostos técnicos e están intentando facer fronte aos gastos que xa están comprometidos. Non ten sentido que en outubro se comece a eliminar gastos, ben de asociacións ou das distintas concellerías que xa están comprometidos e a xente xa conta con eles, deixando en mal lugar ao concello, sen distinguir a un ou a outro partido e sen entrar en se está ben ou mal comprometidos.

De seguindo fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que este mesmo caso se deu no primeiro ano da lexislatura pasada. Di que a súa liña de actuación é a mesma tanto na oposición como no goberno, hai unha liña que é a liña a seguir e non varía nin con uns nin cos outros. Se o feito é o mesmo, aínda que entenda que os presupostos son un estado de execución, que entenda que acaban de chegar ao goberno, pero isto xa o viviron no primeiro ano que chegou aquí e daquela ninguén fixo ningunha concesión. Por iso di que vai seguir unha liña de coherencia que vai ser para todo o mundo. É obvio que pode aportar ideas ao orzamento, pero botou en falta as xuntanzas para as debater conxuntamente.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que hai catro anos as circunstancias foron as que foron e daquela o BNG xa expresou antes de chegar aos presupostos a súa oposición e así se lle dixo tamén ao goberno anterior.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 15 votos a favor (6 do grupo do PP, 4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 do grupo Somos Fene), cun voto en contra do grupo mixto.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1º. Aprobado o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Concello da Fene para o exercicio 2015 por importe de 8.987.670,40 euros.**

**2º. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2015 que ascende a un importe de 10.731.643,27 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:**

<b>GASTOS</b>	<b>(€)</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>(€)</b>
Cap. 1.- Gastos de persoal	4.152.195,31	Cap. 1.- Impostos directos	4.267.526,91
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e servizos	4.867.945,64	Cap. 2.- Impostos indirectos	82.000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	30.200,00	Cap.3.- Taxas e outros ingresos	2.309.604,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	644.393,23	Cap. 4.- Transferencias correntes	3.491.248,88
		Cap.5.- Ingresos patrimoniais	50.265,00
Cap. 6.- Investimentos reais	633.356,80	Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00	Cap.7.- Transferencias de capital	251.379,99
Cap. 8.- Activos financeiros	50.000,00	Cap.8.- Activos financeiros	50.000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	353.552,29	Cap. 9.- Pasivos financeiros	229.618,49
<b>TOTAL</b>	<b>10.731.643,27</b>	<b>TOTAL</b>	<b>10.731.643,27</b>

**3º. Dispoñer que as modificacións de crédito nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9/2015 na modalidade de transferencias de créditos; modificacións nº1, 2 e 5/2015 na modalidade de suplemento de crédito e modificación nº 2/2015 na modalidade de xeración de crédito que foron realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.**

**4º. Expoñer ó público por un período de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.**

**5º. Aprobado inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.**

### **3. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito, núm. 9/2015**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica do 13.10.2015 por 5 votos a favor (1 grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene, 1 do grupo municipal P.P. e 1 do grupo municipal mixto) , cunha abstención do grupo municipal do BNG.

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 9/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas. Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobado o expediente nº 9/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 62143,40 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

<b>APLICAC. ORZ.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
163/22700	Limpeza viaria. Servizos de limpeza	14405,99
311/22700	Protección da salubridade pública. Servizos de limpeza	357,5
1532/21000	Pavimentación de vías públicas. Mantemento infraestructura	23814,61
1621/22700	REcollida de residuos. Servizos de limpeza	23565,30
<b>TOTAL</b>		<b>62143,40</b>

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 62143,40 €.

O importe total da modificación proposta ascende 62143,40€.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.



3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 30 de setembro de 2015.  
O ALCALDE  
Asdo. Juventino J. Trigo Rey"

Abre o debate o alcalde que di que explica que este expediente consiste nunha serie de facturas que no seu momento quedaron pendentes de aprobación porque non se xustificaron correctamente os seus gastos. Por obriga legal hai que facer o pagamento e, como dixo no seu momento, vanlle facer fronte ao pagamento aínda que non estean de acordo, aínda hoxe, co contido das facturas, porque tal e como dixo no seu momento cando estaba na oposición, parte das facturas non están claramente xustificadas. É máis, logo do tempo que levan no goberno intentaron xustificar esas horas de traballo, pero ningún funcionario nin os membros da empresa que xa non se acordan a que se correspondía cada un dos traballos. Por iso, co malestar do goberno, espera que non se volvan repetir este tipo de situacións, traen ao Pleno a aprobación destas facturas para non prexudicar máis tempo a estas empresas e poder proceder ao seu pagamento.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que contesta ao alcalde que trae estas facturas ao Pleno porque ten responsabilidade de pagalas. Estas facturas xa viñeron a un Pleno extraordinario xunto a outras para a súa aprobación e vostedes, igual que o PSOE e EU. No anterior Pleno cando se trouxo esta modificación extraordinaria para o pagamento de parte destas facturas, o BNG votou a favor e non dixeron que non estaba xustificadas. Pensa que isto amosa unha diferente actitude dos partidos políticos dependendo de onde se sentan e se gobernan ou non. Dille ao alcalde que, como cabeza de lista e voceiro do BNG dos dous últimos anos da lexislatura pasada, amosou unha actitude moi distinta respecto do voceiro do grupo municipal do PP e da súa responsabilidade. Anuncia que van votar a favor destas facturas porque foron traballos executados na época na que gobernaron eles, traballos de prestacións de servizos que o alcalde non aclarou, afectando a empresas como a de Aníbal Soto, que leva traballando no Concello dende tempos inmemoriales e con todos os gobernos pasados de Fene. É normal que logo dun ano un traballador non se lembre se rozou un camiño nun sitio ou noutro, pero existen uns partes de traballo que avalan estas facturas, porque esa si foi a diferenza do traballo do concelleiro de Servizos destes últimos catro anos con respecto dos anteriores. Como este expediente xa foi presentado no seu momento polo seu partido, van votar a favor. Espera que esta actitude que está a manter o PP e que xa foi mantida polo señor Gumersindo Galego entre os anos 2007 e 2011 cando estivo na oposición, e que o levou a alcaldía e a gañar as eleccións no ano 2015, sexa valorada polo goberno.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que isto non é cuestión de onde se senta cada un. As facturas, falando en orde cronolóxica, xa viñeron ao Pleno e as rexeitaron porque non tiñan a documentación que pedira por escrito. Había partes dunhas obras e doutras non, figuraba un informe dun encargado que dicía que había unha empresa que sabía que traballara para ao Concello pero non sabía nin onde, nin cando, nin facendo o que. Por todo isto votou en contra. Logo houbo unha xuntanza cos empresarios e o concelleiro de Facenda da lexislatura anterior e despois de moito debate, EU comprometeuse a votalas favorablemente cando volvesen ao Pleno, logo de escoitar aos empresarios que explicaron que tiñan situacións economicamente difíciles para afrontar a súa xestión. Tamén dixo naquela xuntanza que os partes debían facerse diariamente ou como moito a finais da semana, para que non houbera ningún problema e tamén dixo que se a partir dese momento volvía haber algunha outra factura nesas condicións que non a ían aprobar. Polo tanto, a súa coherencia segue a estar aí, independentemente de onde se sente e o PP escoitoulle dicir que ía votar a favor destas facturas, insistindo, non obstante, en que moitas delas aínda non estaban esclarecidas. Por iso, a partir daquel momento votaron a favor destas facturas.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que como voceiro do grupo de goberno vai votar a favor pero o seu compañeiro de Somos Fene se vai abster, porque son temas que veñen da anterior lexislatura na que o seu grupo non estaba representado.



A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que semella que o PP viviu unha realidade paralela e que a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puentes acostuma a contarlles cousas que non existen neste mundo, xa que non existen os partes destas empresas e os informes dos técnicos municipais que vostedes mesmos pediron din que hai determinadas empresas que si prestaron servizos, pero non saben nin que servizos, nin cando, nin de que xeito se prestaron, nin con canto persoal. O anterior concelleiro de Facenda foi incapaz de presentar ditos partes, nin na Comisión nin a cada unha das xuntanzas aos que os convocou para tratar destas facturas. Non obstante, quere aclararlle á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puentes que con este goberno si se fan partes diarios, non só das empresas externas, senón que tamén co propio persoal municipal e, por tanto, cando as empresas que ten contratado o Concello presentan as facturas estará debidamente acreditado polo persoal municipal que persoal o fixo, que traballos se fixeron e cando se fixeron os ditos traballos. Isto non se fixo co PP, nin diariamente, nin mensualmente, nin anualmente. O PP contratou empresas ao chou para ir facendo o que puidera xurdir cada día e esas son as facturas que se traen hoxe ao Pleno. Por iso o PSOE, que non quere facer un dano ás empresas que prestaron os servizos, vai dividir o seu voto e el votará, por responsabilidade e coherencia coa institución, a favor de que se paguen as facturas e o resto do grupo socialista vaise abster, porque hoxe en día todas esas facturas seguen sen acreditar en concepto de que se van pagar, porque o PP non quixo ter ningún control interno dos traballos e se non o fixeron, só vostedes poderán saber con que intención.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que lle di á voceira do grupo municipal do PP, que hai un ano, cando se comezou este tema, como xa dixeron os demais voceiros, non había absolutamente ningunha xustificación para saber que traballos se fixeran. Lembra que había unha serie de facturas duns 140.000 euros que non estaban ben xustificadas. Naquel momento pedíuselles que se xustificasen e se fixo só en parte. Cando se cambiou de goberno e despois de revisalas hai un par de meses, tróuxose a este Pleno unha parte daquelas facturas e quedaron esta relación de facturas por importe duns 60.000 euros, que, logo de consultar con todos os implicados nos traballos, non foron quen de xustificalas.

Isto amosa que o control dos concelleiros que levaban isto era nulo, non tiñan nin idea e non están a falar de facturas de 500 ou 1.000 euros, estase falando de que no seu momento foron 140.000 e agora quedan aquí 60.000 euros. O que intentaron nestes meses foi ver de onde eran e aínda hoxe non se sabe. Todos se poden imaxinar a que correspondían, pero pode ser que dos 60.000 haxa 10.000 ou 15.000 euros que sexan cacicadas que se fixeron e nin sequera os traballadores do Concello saben onde se facían eses traballos. Hai horas de traballo que ninguén sabe a que se correspondían e non había partes de traballo, estes se fixeron logo de pedilos, así como os informes dos encargados e as charlas coas empresas. Por todo isto, non están contentos con aprobar a totalidade destas facturas, saben que están obrigados a pagalas e por iso os voceiros dos grupos do goberno votarán a favor e o resto absteranse. Saben que teñen que pagar as facturas, pero non están de acordo na xustificación dos traballos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puentes, que di que comezando por algo anecdótico e como pincelada para os membros de Somos Fene, dilles que agora comprenden o sentido do seu voto, pero non entende nin o seu voto a favor nin a súa abstención, xa que os argumentos non están aí.

Dixo a voceira do grupo mixto municipal que no seu momento votou en contra porque non existía a documentación, pero logo de ter unha reunión coas empresas e ver a situación económica tan mala na que estaban, decidiu votar a favor cando a todos lles consta que os traballos están realizados.

O concelleiro de Facenda dixo que, no seu momento, cando se trouxo este expediente non existían uns informes dos distintos encargados que dicían que non lle constaban que se fixeran eses traballos e agora eses mesmos encargados lle dixeron que lles consta que se fixeron, polo que lle pregunta, como pode ser que os encargados, logo de tres meses, lles consten os traballos de hai un ano?

Di que o expediente é calcado ao que se trouxo o PP e daquela votaron en contra, o que é unha mostra máis que clara respecto do BNG e PSOE de que cambian segundo se senten na oposición ou no goberno, porque a súa función na oposición era o desgaste do señor Gumersindo Galego e foron incapaces todos xuntos de desgastalo, de quitarlle o goberno si, pero non de desgastalo. Por todo isto, dende o PP dille ao alcalde que as súas manifestacións, como voceiro do grupo municipal do BNG, para xustificar o seu voto de xeito que votarán a favor só os voceiros dos grupos do goberno e o resto do goberno votará en contra por non estar acreditado o expediente, pode ter consecuencias, o que lle traslado non como unha ameaza, senón como unha suxestión ou información e que, se realmente cre as súas palabras, debía votar a favor.



De seguido intervén a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que insiste que anteriormente non votou a favor deste pagamentos por non contar con información e que o seu voto vén do seu compromiso de facilitar o pagamento para non prexudicar máis aos empresarios coa condición de que non vai volver facilitar pagamentos de máis facturas nestas condicións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a voceira do grupo municipal do PP segue empeñada en vivir no seu mundo particular, na súa realidade paralela ao mundo real e ante isto hai pouco que dicir, xa que por pretender mentir mil veces sobre algo non se vai converter en realidade. O proceso de comprobación das facturas que fixo o PP, polo que entón era concelleiro de Facenda, foi chapuceiro e a capricho, pois foi o propio concelleiro o que provocou que as facturas non se aprobaran, xa que houbo facturas de empresas sobre as que non se presentou ningún tipo de dúbidas e o concelleiro as incluíu no lote de facturas a cuestionar e así foron conseguindo que non se pagaran. Dille que no Concello non había un só parte de traballo destas empresas porque non se fixeron nunca, porque el reuniuse coas empresas para comezar a facelos, porque antes nunca se fixeran, incluso houbo que discutir con unha das empresas para que cambiase o sistema de antes e o único sistema de antes era que non se facía nada e que os traballos se encargaban de palabra. É certo que de palabra teñen cabida os traballos que hai que facer e os traballos de interese electoral dalgúns e neste caso foi así, utilizaron as empresas para facer traballos para sacar votos, pero non lle saíu. Di que non tratou de desacreditar a ninguén, que o goberno trata de poñer coherencia e rigorosidade, pois agora os partes de traballo fanse día a día e agora non hai problema en facilitalos e iso vostedes, polo goberno do PP, non o puideron facer, xa que o único que puideron achegar foi literatura sen ningún tipo de conexión coa realidade, sen que ningún persoal do concello puidera asegurar se estes traballos se fixeron ou non, por iso di que se trata dunha verdade a medias. Dille á voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que non lle conte comedias nin contos e que si sabe o que supón aprobar facturas que non teñen o suficiente respaldo e que, precisamente por iso, fai este acto de responsabilidade votando el só, para que os seus compañeiros de grupo non teñan que asumir esta responsabilidade, para que non teñan que aprobar algo que hoxe presenta dúbidas pola desastrosa xestión do goberno do PP e o seu nulo control na actividade do Concello.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que hoxe demostrábase que non se sabe moi ben do que se está falando. A voceira do grupo municipal do PP insiste unha e outra vez en que os traballos se fixeron e estas facturas, a inmensa maioría, non falan de traballos, e aí está o problema, falan de horas de traballo sen especificar que traballos se fixeron e cando no seu momento se pediu un informe ao concelleiro, achegoulles un que rozaba o absurdo, pois constaban horas de traballo dun soldador e dun carpinteiro lavando unha furgoneta todos os días, así de absurdo eran os xustificantes que foron achegados daquela. Agora xustificáronse parte daquelas horas de traballo e hai outras de difícil xustificación e por iso hai este problema. Remata dicindo que apoiará o pagamento destas facturas e sacará ás empresas deste lío.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que cando aparcou veu a un albanel dunha das empresas barrendo a rúa, igual mañá está lavando.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que ten gracia a observación e dille á concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que non hai contratado ningún albanel, que o que hai contratado son peóns, porque vostedes contrataron a todos como peóns e outra cousa é logo como os utilizaron. Dille á voceira do grupo municipal do PP e ao antigo concelleiro de Servizos que non hai contratado ningún xardineiro, ningún electricista nin absolutamente ningún oficial. Todos os contratados son peóns, igual que o fixeron vostedes.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (6 do grupo do PP, 1 do grupo do BNG, 1 do grupo socialista, 1 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións (3 do grupo do BNG, 2 do grupo socialista e 1 do grupo Somos Fene).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1º. Aprobar o expediente nº 9/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 62143,40 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :**

**Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:**

<b>APLICAC. ORZ.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
<b>163/22700</b>	<b>Limpeza viaria. Servizos de limpeza</b>	<b>14405,99</b>
<b>311/22700</b>	<b>Protección da salubridade pública. Servizos de limpeza</b>	<b>357,5</b>
<b>1532/21000</b>	<b>Pavimentación de vías públicas. Mantemento infraestrutura</b>	<b>23814,61</b>
<b>1621/22700</b>	<b>Recollida de residuos. Servizos de limpeza</b>	<b>23565,30</b>
<b>TOTAL</b>		<b>62143,40</b>

**Medios de financiación do gasto.-**

**Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 62143,40 €.**

**O importe total da modificación proposta ascende 62143,40€.**

**2º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**3º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.**

**4. Aprobación, se procede, do expediente extraxudicial de crédito, núm. 4/2015**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica do 13.10.2015 por 5 votos a favor (1 grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene, 1 do grupo municipal P.P. e 1 do grupo municipal mixto) , cunha abstención do grupo municipal do BNG:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2015.

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 30 de setembro de 2015 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/2015 que transcrito di:

**“INFORME DE INTERVENCIÓN**

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº4/2015

**LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA**

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.



- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- Real Decreto 1619/2012 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2014, prorrogado.

## ANTECEDENTES

Con data de 22 de abril, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2015. O importe total de dito expediente ascendía a 103889.02 €. O expediente non foi aprobado polo Pleno da Corporación en data de 20 de abril.

Con data de 30 de setembro, remítese a esta Intervención para a súa fiscalización un novo expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (nº 4/15) por un importe global de 62143,40 €. A relación de facturas incluídas neste expediente é a que se detalla na providencia de inicio do expediente. Indicar que todas estas facturas xa foran incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2015 que non foi aprobado polo Pleno da Corporación.

## INFORME

**Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios:** O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

**Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria:** O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do **recoñecemento extraxudicial** de crédito.

**Terceiro.-** Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que *"no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."*

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "*recoñecemento extraxudicial de crédito*" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar

as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, **debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.**

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

*"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"*

**Cuarto.-** Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

**Quinto.- Competencia:** A base 31ª de BE/14, prorrogado referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que *"1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxeto de recoñecemento extraxudicial"*.

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno** de conformidade co previsto nas BEO/14. Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O **recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno** esixe os seguintes trámites:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a **explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade** de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.
- b) **Existencia de dotación orzamentaria específica**, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.



A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

**Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria:** Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC, no seu caso.

**Sexto.-** Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

**Sétimo.-** As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

## CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/2015 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas que se indican no apartado de observacións que se fiscalizan de desconformidade, fiscalizándose de conformidade as restantes. Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados.

## **OBSERVACIONES**

**-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo as facturas seguintes:**

1/Facturas de Zonas Verdes Anibal Soto, SL por importes de 3999.60; 8236.8 euros en concepto de servizos de reforzón na recollida de residuos (3 meses) e servizos de limpeza e barrido manual de ruas (3 meses),; 8712 € en concepto de servizos de mantemento e reparación de alañilería e exteriores, outubro a decembro; 3746.60 euros en concepto de recollida de residuos mese xaneiro a abril; 13971.10 € en concepto de recollida de residuos meses de maio a setembro; 1848 euros en concepto de personal conductor recollida de residuos meses de xaneiro a xuño 2014.

2/Facturas de Soluciones y Tratamientos de Galicia, SL por importes de 3571.92 euros en concepto de servizos de desbroce meses de outubro- novembro 2014;2597.27 euros en concepto de servizos de conducción barredora, decembro; 357.50 € en concepto de servizos de desratización mes de decembro; 3020.52 € , 3020.52 € en concepto de servizos de carpintería e soldador mes de decembro e por importe de 9061.57 € en concepto de horas albañil oficial mes de decembro.

Nestes casos, consta únicamente as facturas conformadas polo concelleiro responsable, obviándose (tendo en conta a duración e o importe dos contratos) a realización dos trámite para a preparación e adjudicación dos contratos. En definitiva, **atopámonos ante unha mera contratación verbal** carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a TRLCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da contratación do sector público que determina que " *Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia*". Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas.

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode **concluirse que:**

- **O concello procedeu á contratación verbal destes servizos**, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Por outra banda,e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de *estabilidade orzamentaria e control do gasto*. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 30 de setembro de 2015.

A Interventora

Marta Roca Naveira."

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2014, prorrogado non existía crédito para imputar estes gastos polo que simultaneamente a este expediente se tramita o expediente de suplemento de crédito, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Considerando que o presente expediente se tramita conxuntamente ó de suplemento de crédito nº 9/2015 a través do cal se incrementa o crédito das aplicacións orzamentarias ós que se imputan estes gastos, é polo que a aprobación do mesmo estará condicionada á entrada en vigor do expediente modificativo.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4/2015 por un importe total de 62143,40 € segundo a relación de gastos que se indican no apartado segundo. En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de suplemento de crédito nº 9/2015 a través do cal se habilita o crédito para esta finalidade.

2º A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº doc.	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
10	30/10/2014	3999,6	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	SERVIZO DE REFORZO NA RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS DURANTE 3 MESES.	1621	22700
8	30/10/2014	8236,8	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	LIMPEZA E BARRIDO MANUEAL DE RUAS, ACERAS EN DIVERSAS ZOAS DO CONCELLO 3 MESES.	163	22700
A/251	10/02/2015	3571,92	B70350012	SYTGAL	HORAS TRACTOR OUT-NOV	163	22700
A/234	01/01/2015	2597,27	B70350012	SYTGAL	HORAS CONDUCT.BARRED.DECM	163	22700



A/232	01/01/2015	357,5	B70350012	SYTGAL	SERV. ANTI PLAGAS MES DECEMB	311	22700
A/233	01/01/2015	3020,52	B70350012	SYTGAL	HORAS CARPINTERO DECEMBRO	1532	21000
A/235	01/01/2015	3020,52	B70350012	SYTGAL	HORAS SOLDADOR DECEMBRO	1532	21000
3	10/02/2015	9061.57	B70350012	SYTGAL	HORAS OFICIAL ALBAÑIL DECEMBRO	1532	21000
155	31/12/2014	8712	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	MANTEMENTO E REPARACIONES LIXEIRAS DE ALBAÑILERIA EXTERIORES E INTERIORES EDIFICIOS DO CONCELLO DE OUTUBRO A DECEMBRO 201	1532	21000
156	31/12/2014	3746,6	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS EN CONTENEDORES CON CAMION COMPACTADOR. DE XANEIRO A ABRIL 2014	1621	22700
157	31/12/2014	13971,1	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOLS EN CONTENEDORES DE MAYO A SETEMBRO 2014	1621	22700
158	31/12/2014	1848	B15683584	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO	PERSOAL CONDUCTOR. RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS CON CAMION. XANEIRO A XUÑO 2014.	1621	22700

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

4º.- Notificar o presente acordo ós interesados.

En Fene, a 30 de setembro de 2015.

O ALCALDE

Juventino J. Trigo Rey"

Abre o debate a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que anuncio o voto a favor e reitera o dito no anterior punto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que votarán igual que o punto anterior.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (6 do grupo do PP, 1 do grupo do BNG, 1 do grupo socialista, 1 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións (3 do grupo do BNG, 2 do grupo socialista e 1 do grupo Somos Fene).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4/2015 por un importe total de 62143,40 € segundo a relación de gastos que se indican no apartado segundo. En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de suplemento de crédito nº 9/2015 a través do cal se habilita o crédito para esta finalidade.

2º. A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación de acordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº doc.	Fecha Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Económica
10	30/10/2014	3999,6	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	SERVIZO DE REFORZO NA RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS DURANTE 3 MESES.	1621	22700
8	30/10/2014	8236,8	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	LIMPEZA E BARRIDO MANUAL DE RÚAS, ACERAS EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO 3 MESES.	163	22700
A/251	10/02/2015	3571,92	B70350012	SYTGALL	HORAS TRACTOR OUT-NOV	163	22700
A/234	01/01/2015	2597,27	B70350012	SYTGALL	HORAS CONDUCT.BARRED.DE CEM	163	22700
A/232	01/01/2015	357,5	B70350012	SYTGALL	SERV. ANTI PLAGAS MES DECEMB	311	22700
A/233	01/01/2015	3020,52	B70350012	SYTGALL	HORAS CARPINTEIRO DECEMBRO	1532	21000
A/235	01/01/2015	3020,52	B70350012	SYTGALL	HORAS SOLDADOR DECEMBRO	1532	21000
3	10/02/2015	9061,57	B70350012	SYTGALL	HORAS OFICIAL ALBANEL DECEMBRO	1532	21000
155	31/12/2014	8712	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	MANTEMENTO E REPARACIÓNS LIXEIRAS DE ALBANELARÍA EXTERIORES E INTERIORES EDIFICIOS DO CONCELLO DE OUTUBRO A DECEMBRO 201	1532	21000

156	31/12/2014	3746,6	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS EN CONTENEDORES CON CAMIÓN COMPACTADOR. DE XANEIRO A ABRIL 2014	1621	22700
157	31/12/2014	13971,1	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS EN CONTENEDORES DE MAIO A SETEMBRO 2014	1621	22700
158	31/12/2014	1848	B15683584	ZONAS VERDES ANIBALL SOTO	PERSOAL CONDUTOR. RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS CON CAMIÓN. XANEIRO A XUÑO 2014.	1621	22700

**3º. Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.**

**4º. Notificar o presente acordo ós interesados.**

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 09.53 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas